



Lois retratado por Jesús Rodríguez Montero

LINO BRAXE

Poeta, narrador, dramaturgo, director de teatro, actor, locutor e dobrador. Destacan entre os seus poemarios: “Banquete”, “Entre ruínas”, “O longo día acaba”, “Alaridos” e “Ardora”.

Elexía

a Lois Pereiro

Lino Braxe

Recibín noticia da morte de Lois unha mañá, non lembro se cedo, creo que sí. Estaba na Coruña, fun velo. Alí estaba a súa familia e algúns amigos. Non estaba preparado para o golpe e tomei a determinación de poñer terra por medio. Daquela traballaba no CDG, marchábamos para Portugal a facer algunhas funcións. Non recordo que obra. Mais, sí lembro, que, ao remate da xira, decidín ficar en Porto. Precisaba enfrontarme ao silencio, ao afogo, á soedade, á orfandade. Unha ausencia difícil de encaixar. Precisaba evocar a Jack London

e a Conrad, aqueles autores dos que tanto gostá-bamos os dous. Necesitaba sentirme só, único na despedida. O que menos anceiaba era escoitar as palabras dos amigos ou do meu amor. Esta borra-cheira, esta pelexa, tiña que ser compartida só coa sombra de Lois e co arrecendo da súa alma e do seu corazón.

Neste estado, nun bar portuario de Porto, sobre as oito da tarde, escribín “The Indian in his glade”, a elexía a Lois Pereiro. Un poeta, admirado por ambos, prestou a cita ao texto: “E a morte non terá señorío”. Dylan Thomas.

THE INDIAN IN HIS GLADE

*E a morte non terá señorío.**Dylan Thomas*

*Limpei os meus ollos,
 respirei fondo
 e erguín os meus gastado setenta e oito kilos de carne
 da mesa na que bebía.*

*Abrín o libro e ollei a foto,
 a foto na que os dez mirábamos a vida
 desde o alento dun mundo que se nos ía.*

*E el que guapo estaba.
 Mirei a Miguel Mato.
 Sorrimos por todos.
 Sabíamonos fieis a unha amizade enferma e silenciosa.
 Pensei en Manolo
 e na súa caricia de irmán querido.*

*E entón decidino:
 Fixen a maleta e marchei na procura do sol,
 levaba o odio á pátria no corazón
 e a ansia de regresar recuperado,
 libre de tanta miseria e desmesura
 como nos últimos anos contemplei.*

Amei o esplendor do sur,

*durmín en frescas tabernas,
 comprometinme nunha despedida de voo solitario.
 Maldecín,
 busquei pelexa
 e só atopei a inmortalidade na entreperna daquela muller.
 No fondo dos seus ollos verdes
 achei o corredor da luz que vence á morte
 e estreitei a man de Lois na outra beira.
 Foi o resplandor da Confederación,
 o adeus á vella Georgia,
 o sable de Lee.*

*Agora só podo evocar a viaxe
 ou retornar sobre un disco amado,
 un poema,
 unha bahía con piratas,
 as cadeiras dunha india,
 Maracaibo.*

*Se cadra fuxir.
 Sitting Bull.
 E ese desfacerse de tambores nas pradeiras.*